



EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: (contrato privado de servizos)	CONTRATO PRIVADO DE SERVIZOS POLA REPRESENTACIÓN DO ESPECTÁCULO ARTÍSTICO DE DIVERSAS ORQUESTRAS DURANTE A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SANTIAGUIÑO E SAN ROQUE.
Nº DE EXPEDIENTE:	2024/NSS/000012
TRÁMITE:	RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN.

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DA ÁREA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE, DO BENESTAR, DA SAÚDE E DA ECONOMÍA.

Examinado o expediente do contrato privado de servizos que se menciona na parte dispositiva deste acordo, resultan relevantes os seguintes **feitos**:

1.-Por Resolución da Concelleira da área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía aprobouse a contratación para o contrato privado de interpretación artística mediante procedemento negociado sen publicidade por importe de 23.200,00 €, IVA: 4.872,00 €, prezo total de 28.072,00 €, coa empresa LESODA S.L. (B-27819325) co obxecto da representación artística de diversas orquestras durante a celebración das Festas de Santiaguíño e San Roque 2024, que cumpre cos requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, e así proceder a adxudicación do contrato, sendo os datos da oferta os seguintes: importe sen IVE de 23.200,00 €, IVA: 4.872,00 €, sendo o prezo total de: 28.072,00 €

2.-Unha vez realizado a oportuna invitación á empresa LESODA S.L. (B-27819325) e constituído o órgano encargado da apertura da documentación e da proposta de adxudicación, procedeuse ao análise da documentación presentada, propoñéndose a adxudicación do contrato privado de servizos de representación de diversas orquestras durante a celebración das Festas de Santiaguíño e San Roque 2024, mediante procedemento negociado sen publicidade, por axustarse ao esixido no prego de condicións administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen a adxudicación.

3.- Con data 30/07/2024 emítese informe de fiscalización, previo a adxudicación, no que se informa o expediente “de conformidade po lo que procede continuar a tramitación do mesmo”, se ben se formulan as seguintes observacións coa consideración de incumprimento esencial:

“- Na data que se remite este expediente para a súa fiscalización pola intervención xeral o 23/07/2024, os o prazos de execución previstos na proposta ou documentos adxuntos xa teñen concluído, polo que non vai resultar posible a súa adxudicación e formalización previa ao período de prestación previsto. Este extremo deberá corrixirse adecuando as datas de realización, no seu caso, a un período posterior ao da aprobación do contrato.

En todo caso lémbrese a necesidade da adxudicación e formalización dos contratos logo da tramitación do





correspondente expediente, previo a calquera tipo de prestación contractual. No caso contrario trataríase de prestacións sen a correspondente cobertura. A remisión das propostas ao OXPC e á Intervención Xeral deberán realizarse coa suficiente antelación para garantir dita tramitación previa.”.

4.- Con data 31/07/2024 o Xefe do Servizo de Cultura, como responsable do contrato, emite o informe con csv T4S17RBZCG3QZ85X, no que conclúe o seguinte: “sendo conscientes de este incumprimento esencial e habida conta que o contrato estase a desenvolver de forma satisfactoria, solicítase a continuación do procedemento se así o estima o órgano oportuno”.

5.- Con data 31/07/2024 emítase dilixencia pola Secretaría da Administración Municipal, por delegación da Asesoría Xurídica, “advertindo da necesidade de adxudicar e formalizar os contratos logo da tramitación do correspondente expediente, previo a calquera tipo de prestación contractual”.

Fundamentos xurídicos

Primeiro.-Cumpríronse os trámites dispostos en la lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), para seleccionar a mellor oferta calidade-prezo no contrato que se menciona na parte dispositiva deste acordo.

Segundo.-A adxudicación deberá ser motivada, notificarase ao empresario invitado e simultaneamente publicarase no perfil do contratante. Deberá conter os extremos sinalados no artigo 151.1 da LCSP

Terceiro.-De conformidade co apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local e a este órgano é ao que lle corresponde a adxudicación do contrato segundo dispón o artigo 150.3 da LCSP. Non obstante, a competencia para adxudicar os contratos esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xullo de 2024 na Concelleira da área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía

Cuarto.-De conformidade co artigo 153 da LCSP, a formalización do contrato debe realizarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 da LCSP.

A vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local efectuada na sesión do día 18 de xullo de 2024, **RESOLVO**:

Primeiro.-Declarar válido o procedemento negociado sen publicidade relativo o “CONTRATO PRIVADO DE SERVICIOS POLA REPRESENTACIÓN DO ESPECTÁCULO ARTÍSTICO DE DIVERSAS ORQUESTRAS DURANTE A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SANTIAGUIÑO E SAN ROQUE 2024”.

Segundo.-Adxudicar á empresa LESODA S.L. (B-27819325) a contratación do contrato privado de de servizos pola representación de diversas orquestras durante a celebración das Festas de Santiaguíño e San Roque 2024, mediante procedemento negociado sen publicidade, no prezo de 23.200,00 €, IVA: 4.872,00 €, prezo total: 28.072,00 €, que se financiará con cargo á aplicación 09/3380/22609 co número de operación 12024000033500 do estado de gastos do Orzamento para o 2024.

Terceiro.-Requirir á adxudicataria para que proceda a formalización do presente contrato dentro dos quince días hábiles seguintes en que recibe a notificación da presente resolución de adxudicación.





Cuarto.-Unha vez que se formalice el contrato, a formalización do mesmo publicarase nos termos expostos no artigo 154 LCSP.

En Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica, dou fe.

